

Escola de nais e país: un traballo colaborativo familia-centro para a mellora da educación dos nenos e nenas.



Escola de nais e pais

INTRODUCCIÓN


O contexto social é unha realidade cambiante e como consecuencia diso, na actualidade, son moitos os pais/nais que se senten desbordados ante a educación dos seus fillos e fillas. A familia como primeiro ámbito educativo necesita reflexionar sobre as súas pautas educativas e tomar conciencia do seu papel na educación dos seus fillos e fillas. A realidade actual escápaselle, e isto repercute na vida do neno/nena, o que ocasiona a súa vez problemas escolares e familiares que xurden a diario: desinterese falta de motivación, dependencia, baixo rendemento, fracaso escolar, violencia.

Son os pais e as nais os que gozan dunha relación de intimidade única que só se da no seo da familia e que permite todo tipo de interrelacións persoais: de afecto, axuda, orientación, soporte, etc, que inflúe e modifican os comportamentos de todos os seus membros. Son, tamén os pais e as nais os que están nas mellores condicións para conseguir que os seus fillos e fillas medren tanto en autonomía como en madurez persoal, en liberdade e responsabilidade, cousa que só é posible, de maneira harmónica, cando a familia soporta as decisións persoais cunha mestura de acertos e de erros.

A Escola de Pais é unha realidade que xurde para dar resposta ás necesidades das propias familias en relación á educación dos seus fillos nas distintas idades. O sistema educativo debe por ao servizo dos pais este mecanismo, coa finalidade de ofrecer formación e axuda a aqueles pais que teñen a necesidade de ser orientados, favorecendo a prevención de futuros problemas nos nenos. A colaboración dos pais cos centros educativos onde estudan os seus fillos é fundamental para contribuír a un adecuado desenvolvemento do alumnado.

A Escola de Pais está formada por grupos de nais e pais, guiados por un monitor/coordinador especializado que se encargará de preparar materiais e levar

a cabo unha serie de sesións de traballo, as cales tratarán sobre aqueles temas que lles preocupan especialmente, e que poden ser propostos por eles mesmos, "Non se trata de encontrar un especialista en cuestións de pedagogía ou psicología exclusivamente, se non quen sexa capaz de captar toda a problemática que leva consigo a formación completa dos pais en canto tales, pero sen deixar a un lado o que encerra a formación total do adulto" (Ríos González, 1972: 81). Ditas sesións iníciáanse en gran grupo facendo público o tema proposto, para posteriormente confrontar experiencias e opinións en pequeno grupo, mentres se traballa cos materiais que previamente foron preparados polo coordinador. Finalmente, será de novo en gran grupo onde se exporán as conclusións ao respecto. Entre os temas a tratar a modo de exemplo nomear algúns temas dos máis significativos, tales como: a comunicación e o diálogo na familia, a resolución de conflitos, a prevención da violencia, a autoestima, a educación afectivo-sexual, o fracaso escolar, o consumo responsable, os problemas alimenticios, ...etc. Todos eles encamiñados á consecución da educación integral dos nenos e nenas.



DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS

A Escola de nais e pais é un espazo de información, formación e reflexión dirixido ás nais e pais, sobre aspectos relacionados coas funcións parentais. É un recurso

de apoio ás familias para que poidan desenvolver adecuadamente as súas funcións educativas e socializadoras.

Un lugar no que os pais/nais teñan a oportunidade de intercambiar experiencias e aprender formas útiles de educar aos seus fillos/fillas.

Características:

- É un espazo de encontro, de aprendizaxe e de reflexión colectiva onde se intercambian experiencias sobre cuestións relacionadas coa educación dos nenos e nenas .
- Están dirixidas a pais, nais e/ou titores legais do alumnado do colexio aos que se lle facilitan as ferramentas e as estratexias adecuadas para axudalos no labor de educar aos seus fillos tanto no ámbito familiar como no escolar e no social.

OBXECTIVOS

Pretendemos conseguir os seguintes obxectivos:

- Propiciar espazos de reflexión sobre situacións cotiáns e sobre criterios básicos de funcionamento del grupo familiar.
- Analizar as diferentes etapas que recorre unha familia no seu ciclo vital.
- Servir de canle de revisión e de aprendizaxe nos temas relacionados coa educación dos seus fillos e fillas.
- Procurar que os pais e nais tomen conciencia dos problemas que lles preocupan, analicen os elementos que os determinan e establezan a solución máis conveniente.
- Favorecer a comunicación no grupo familiar e no contorno comunitario.
- Promover o coñecemento das características evolutivas e das necesidades dos nenos e nenas.
- Dotar aos pais e nais de recursos e habilidades que posibiliten un crecemento integral dos fillos e do grupo familiar .
- Promover a participación consciente e activa dos membros do grupo no proceso de ensinanza e aprendizaxe dende os distintos roles.

- Servir de información e de perfeccionamento continuo para axudar aos pais e nais a adaptarse aos acontecementos que ocorren na sociedade e á evolución dos grupos humanos.

TEMPORALIZACIÓN:

Realizaremos sesións trimestrais onde se abordarán os temas que máis lle interesen aos pais/nais.

CONTIDOS:

Os contidos van a depender das necesidades detectadas, se ben consideramos que deben xirar sobre os seguintes temas:

- A persoa e o seu desenvolvemento
- Ambiente familiar e educación
- O estudo e o mundo da escola
- As relacións sociais

METODOLOXÍA:

A metodoloxía a seguir neste proxecto será activa, dinámica e participativa coa fin de acadar a máxima implicación dos pais e nais, para elo, en cada unha das sesións levaranse a cabo diversas actividades, entre elas, dinámicas de grupo, coloquios, debates, exposicións, dramatizacións,...

Os principios metodolóxicos son:

- **Educativa:** O noso servizo da escola de nais e pais ten un carácter formativo-educativo.
- **Participativa:** Consiste en implicar aos pais/nais para que formen parte do proceso educativo-formativo, e, que se involucren no desenvolvemento das actividades.
- **Activa:** A persoa aprende mellor facendo, que recibindo a educación. A aprendizaxe é máis significativo e polo tanto mellor interiorizado e perdurable. As dinámicas que se levan a cabo poñen a proba os

coñecementos e as estratexias que utilizan os pais/nais para educar os seus fillos, vendo os aspectos positivos e negativos e as súas consecuencias.

- **Vivencial:** Este é un punto importante, xa que os padres e nais teñen experiencias e vivencias que se as comparten, poden axudar a outros pais/nais que están pasando ou van pasar polas mesmas circunstancias.

Debe ser activa, non se pretende utilizar unha charla maxistral de experto. O que se busca é que os pais e nais dialoguen sobre un tema ou unha información clara para que despois eles saquen as súas propias conclusións .

A estrutura dunha sesión sería a seguinte:

1.- Traballo en gran grupo:

Todos os participantes xuntos. Pode ser unha charla, un audiovisual, unha mesa redonda, un debate, etc. cunha duración de 30 a 40 minutos.

2.- Reunión en pequeno grupo:

Trátase de aplicar a información recibida á resolución de problemas (Casos non relacionados coa situación persoal dos integrantes pero si relacionados co tema); ou ben responder a un cuestionario, preparar unha representación e/ou analizar un audiovisual.

3.- Posta en común:

todos xuntos poñemos en común as reflexións, conclusións ou solucións dadas ao problema proposto. É o momento de realizar unha síntese do tema o matizar os aspectos que non quedaron claros.

AVALIACIÓN

Os pais/nais farán unha valoración dos temas tratados e do desenvolvemento das diferentes sesións cubrindo o seguinte cuestionario:

1.- Pareceche interesante que desde a ANPA se organicen este tipo de actividades para os pais/nais?

Moi oportuno Bastante oportuno Pouco oportuno

Nada oportuno

2. - O horario establecido pareceuche o máis axeitado?

SI NON . En caso negativo indica outro horario.....

3.- A cantas reunións asistiches?

A todas A máis da metade A menos da metade

Só a algunha

4.As actividades realizadas na Escuela de Nais/Pais me axudáronme a:

a) Coñecer mellor ao meu fillo/filla

Moi pouco Pouco Bastante Moito

b) Coñecer e relacionarme con outros pais/nais

Moi pouco Pouco Bastante Moito

c) Coñecerme mellor a min mesmo/a como nai/pai

Moi pouco Pouco Bastante Moito

d) Mellorar a relación cos fillos/fillas

Moi pouco Pouco Bastante Moito

5. En xeral, los temas tratados me han parecido interesantes

Moi pouco Pouco Bastante Moito

6. En xeral, as actividades que realizamos parecéronme

Pouco interesantes interesantes Moi interesantes

7.- Os materiais que nos aportaron creo que foron os axeitados

Moi pouco Pouco Bastante Moito

8. Ao longo destas reunións sentínme cómodo/a e a gusto

Moi pouco Pouco Bastante Moito

9.O número de reunións celebradas parecéronme ...

Escaso Axeitado Excesivo

10. Creo que a participación dos pais e nais asistentes foi

Escasa Axeitada Excesiva

11. Considerades que tería que haber charlas impartidas por persoas expertas nos temas que se tratan?

Moi de acordo De acordo En desacordo

12. Os aspectos que me pareceron máis interesantes e positivos foron:

13. Os aspectos que me pareceron menos positivos foron:

14. Outros temas que creo que habería que tratar no próximo curso son ...

15. Creo que se podería mellorar en:

